

CONCELLO DE CARBALLO

Anuncio da aprobación inicial do Plan especial de infraestrutura para execución do nó de intersección entre a rúa municipal e estrada AC-414.

En cumprimento do artigo 86.1.a da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, publícase o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local, do Concello de Carballo, en sesión ordinaria, celebrada con data do 21 de xuño de 2004, acordou:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan especial de infraestrutura para a execución do nó de intersección entre a rúa municipal de nova apertura e a estrada AC-414, situado no núcleo urbano de Carballo, redactado por Ángel Delgado Cid (enxeñeiro de camiños Col. 4657) e presentado por José Pena García con rexistro de entrada nº 4851 con data do 6-5-2004.

Segundo.-Someter a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior circulación na provincia, neste último caso en dous días consecutivos.

O que se fai público, co fin de quen se considere afectado poida examinalo e deducir, se é o caso, as alegacións ou observacións que consideren oportunas, durante o prazo de trinta días, contado desde o seguinte á inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*, e nos dous xornais de maior circulación da provincia.

* As taxas de publicación deste anuncio serán por conta dos promotores do Plan especial.

Carballo, 3 de setembro de 2004.

Evencio Ferrero Rodríguez
Rubricado

Anuncio da aprobación inicial de sectorización no ámbito do solo rústico apto para urbanizar (SRAU) Residencial 1.

En cumprimento do artigo 86.1.a da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, publícase o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local, do Concello de Carballo, en sesión ordinaria, celebrada con data do 2 de agosto de 2004, acordou:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Plan de sectorización dos terreos clasificados como solo rústico apto para urbanizar (SRAU) incluídos no ámbito do

SRAU Residencial 1 e Residencial 2 do PXOM situados en Bértoa, redactado por Manuel Otero Souto (arquitecto Colexiado nº 1958 do COAG) e presentado por Juan Manuel Cancela Sánchez, con DNI 33258462-W e domiciliado na rúa Perú nº 1-3º esqda., de Carballo, en representación da comisión xestora para o desenvolvemento do SRAU Residencial 1.

O documento aprobado inicialmente tal e como figura no expediente, será dilixenciado pola Secretaría da Corporación.

Segundo.-Someter o Plan de sectorización a información pública por un prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior circulación na provincia, neste último en dous días consecutivos.

O que se fai público, co fin de quen se considere afectado poida examinalo e deducir, se é o caso, as alegacións ou observacións que teñan por conveniente, durante o prazo de trinta días, contado desde o seguinte á inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*, e nos dous xornais de maior circulación da provincia.

* As taxas de publicación deste anuncio serán por conta dos promotores do Plan de sectorización.

Carballo, 3 de setembro de 2004.

Evencio Ferrero Rodríguez
Rubricado

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (EDD-3/2004).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 5 de xullo de 2004, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar a alegación de Isidro Paz López relativa aos promotores do estudo de detalle das parcelas 5 a 8 do sector de solo urbanizable S-6 Parque de Eirís.

Segundo.-Estimar as alegacións de Isidro Paz López relativas ao contido e límites do estudo de detalle e ao fin do estudo de detalle inicialmente aprobado.

Terceiro.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle das parcelas 5 a 8 do sector de solo urbanizable S-6 Parque de Eirís, promovido pola comunidade de bens das citadas parcelas.

Cuarto.-Requirir á comunidade de bens promotora do estudo de detalle a presentación, no prazo máximo de dez días, dun texto refundido do estudo de detalle, nos termos recollidos polo adxunto a planeamento e o arquitecto de planeamento no seu informe do

21 de xuño de 2004, e ratificados no informe proposta do 24 de xuño de 2004.

Este acordo pon fin á vía administrativa, e pódese interpor contra el, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel en que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación, todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que coide pertinente.

A Coruña, 15 de xullo de 2004.

Francisco Vázquez Vázquez
Alcalde

Anuncio de información pública do expediente de expropiación forzosa complementario do Castro de Elviña I fase.

A Xunta de Goberno local, con data do 30 de abril de 2004, adoptou o seguinte acordo que a continuación se transcribe:

Primeiro.-Aprobar os informes relativos ás alegacións presentadas en relación co proxecto de expropiación complementario ao do Castro de Elviña (1ª fase), co resultado que se recolle en cada un deles, dos cales queda incorporada unha copia ao texto refundido do proxecto.

Segundo.-Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa redactado contido no texto refundido, con incorporación das modificacións operadas tras o período de información pública.

O orzamento de execución do proxecto ascende a 116.933,41 €, existindo autorización de gasto para lle facer fronte (código de proxecto 2000.2PRE00.20.1).

O que se notifica coas seguintes indicacións:

Dado que a valoración establecida non é firme en vía administrativa, en caso de desacordo con ela, dispón dun prazo de vinte días, durante o cal poderá manifestar por escrito ante esta administración a súa desconformidade; se os interesados non formulan oposición á valoración no citado prazo, exténdese aceptada a que se fixou no expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade.

Contra o acordo adoptado, que é firme en vía administrativa a non ser que se interpoña recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, cabe interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo

de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación. Non obstante, pode interpoñerse en primeiro lugar recurso potestativo de reposición no prazo anteriormente indicado.

A Coruña, 3 de agosto de 2004.

Francisco Vázquez Vázquez
Alcalde

Anuncio da fase de pagamento de bens incluídos no proxecto de expropiación complementario do Castro de Elviña I fase.

Mediante acordo da Xunta de Goberno local do 30 de abril do presente ano, aprobouse definitivamente o proxecto de expropiación citado.

Esta aprobación implica o pagamento dos bens afectados, sen prexuízo de que se continúe a tramitación para a fixación definitiva do seu prezo xusto.

Por decreto do tenente de alcalde de Urbanismo do 1 de xuño de 2004, dispónse aboar as valoracións municipais aprobadas, para estes efectos emprázanse os titulares dos bens afectados na sede do Servizo de Urbanismo, rúa do Parque, s/n (antigo cuartel de Intendencia), na data e hora sinalada.

No suposto de seren varios os propietarios, deberán comparecer a totalidade deles ou persoa que os represente debidamente acreditada.

A presente publicación producirá os efectos previstos no artigo 59.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 5 de agosto de 2004.

Francisco Vázquez Vázquez
Alcalde

Propietario	Domicilio	Parcela	Día cita	Hora cita
Ernesto Pérez Candame	R/ Fontán, 4-2º	6	1-9-2004	9.00
Elisa Teijido López	R/ Fontán, 4-2º	11	1-9-2004	9.30
Elena Boedo López	R/ Fontán, 4-2º	12	1-9-2004	10.00
Teresa Fernández Pérez	R/ Fontán, 4-2º	63	1-9-2004	10.30
Teresa Fernández Pérez	R/ Fontán, 4-2º	15	1-9-2004	10.30
José López Barreiro	R/ Fontán, 4-2º	16	1-9-2004	11.00
Elisa Moreno Pereira, hros. de Luís Barreiro Galloso	R/ Fontán, 4-2º	18	1-9-2004	11.30
Isabel Cabezal Sande, Manuel Fernando e Miguel Sande Arenas	R/ Fontán, 4-2º	19	1-9-2004	12.00
José Blanco López	R/ Fontán, 4-2º	20	1-9-2004	12.30
Carmen Cajide Seijas	R/ Fontán, 4-2º	21	1-9-2004	13.00
Jesús Rodríguez Roca	R/ Fontán, 4-2º	31	2-9-2004	09.00
Sara Seijas Barreiro	R/ Fontán, 4-2º	41	2-9-2004	09.30
Hros. Mercedes Teijido Fernández	R/ Fontán, 4-2º	50	2-9-2004	10.00
Descoñecido		53	2-9-2004	10.30
Manuel Candame Rodríguez en nome de María Rodríguez Teijido	R/ Fontán, 4-2º	55	2-9-2004	11.00
María Rodríguez Teijido	Castro de Elviña, 25	55	2-9-2004	11.00